

## **Análise xurídica crítica das *Bases para a elaboración do decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*<sup>1</sup>**

Dada a importancia do debate aberto en canto á modificación do marco normativo-regulamentario de uso das linguas oficiais no ensino consideramos da maior pertinencia unha reflexión xurídica demorada que complementa outras reflexións que se poidan realizar desde outras perspectivas (socio-lingüísticas, pedagóxicas, políticas...) das *Bases para a elaboración do decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* que veñen de ser feitas públicas polo goberno da Xunta de Galicia.

A análise xurídica das *Bases para a elaboración do decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* mostra un preocupante descoñecemento do marco constitucional e estatutario que rexe o uso das linguas oficiais e transgrede o cadro legal do que consensuadamente nos temos dotado os galegos e galegas para poñer en práctica o mandato da Constitución de protección das linguas como un patrimonio cultural precisado dun especial respecto (art.3) e do Estatuto de Autonomía de potenciación do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa e de disposición de todos os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento (art.5).

O desenvolvemento da Constitución e do Estatuto de Autonomía ten como norma cabeceira á Lei de Normalización Lingüística de Galicia aprobada por unanimidade do Parlamento de Galicia en 1983. Igualmente por unanimidade o Parlamento de Galicia aprobou en 2004 o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega elaborado polo goberno galego que, como plan gubernamental con aval parlamentario, constitúe un documento básico que debe iluminar as normas que se aproben, actuando as súas previsións como principios interpretativos do ordenamento lingüístico. A ratificación polo Reino de España en 2001 da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias supón unha actualización con rango de lei dos compromisos de protección das linguas propias que debe ter reflexo no ámbito da educación.

### **1. Os dereitos fundamentais non se poden someter a votación. Do dereito fundamental á educación non se deriva a existencia dun dereito de elección lingüística**

As *Bases para a elaboración do decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* pretenden configurar o ensino das linguas sobre un dereito de elección das maiorías e imposición ás minorías que vulnera a configuración do dereito á educación do artigo 27 da Constitución española.

O dereito á educación é un dereito fundamental que a Constitución

---

<sup>1</sup> Listaxe de asinantes ao final do documento

española ordena garantir aos poderes públicos e no que tan só se recoñece un ámbito de elección matizado no aspecto da formación relixiosa e moral de acordo coas conviccións da familia. O art.27.5 establece “Os poderes públicos garanten o dereito de todos á educación, mediante unha programación xeral do ensino”. Son os poderes públicos, o Goberno do Estado e a Xunta de Galicia, os que teñen encomendada a programación xeral do ensino como garantía de que o conxunto da cidadanía en igualdade pode desenvolver con plenitude a súa personalidade. O obxectivo ao que ten que dirixirse a educación pode formularse con referencia a dous planos: dun lado, o pleno desenvolvemento da personalidade humana na súa visión suxeitiva persoal e, doutro, a súa visión colectiva ou socializadora: a educación trata de educar na vida social e para a vida social. A educación democrática debe ter por obxectivo preparar aos cidadáns para vivir na sociedade. Nunha sociedade caracterizada pola existencia de dúas linguas oficiais, a integración lingüística debe ser un dos parámetros que o proceso educativo deberá procurar. O sometemento da configuración dun dereito fundamental ao criterio particular e non técnico das familias, con deixación das funcións de programación da educación polo goberno, supón unha vulneración clara da interpretación do artigo 27 da Constitución que ten feito con reiteración o Tribunal Constitucional e o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, poñendo en cuestión a igualdade dos cidadáns no entorno educativo.

O Tribunal Europeo de los Derechos Humanos pronunciouse sobre o alcance “lingüístico” do dereito á educación recollido no Protocolo Europeo de Dereitos Humanos na Sentenza de 23 de xullo de 1968, relativa a certos aspectos do rexime lingüístico do ensino en Bélxica. O Tribunal concluiu que: “*o Convenio non impón obrigas determinadas. En particular, a primeira frase do artigo 2 non especifica a lingua na que o ensino debe impartirse para que o dereito á instrucción sexa respetado*” (FD IB3). Tamén que “*esta disposición non impón aos Estados o respeto das preferencias lingüísticas dos pais no campo da educación ou do ensino, senon únicamente o das súas conviccións relixiosas e filosóficas*”.

Na posterior Sentenza de 10 de maio de 2001, Chipre c. Turquía, diríase novamente que o art. 2 del Protocolo non garante o dereito de opción de lingua (pgr. 277).

A Sentenza do Tribunal Constitucional 337/1994, establece no seu Fundamento Xurídico 9: “De outra parte, tamén desde la perspectiva del art.27 CE ha de llegarse a la conclusión de que *ni el contenido del derecho constitucional a la educación reconocido en dicho precepto ni tampoco, en particular de sus apartados 2,5 y 7 se desprende el derecho a recibir la enseñanza en sólo una de las dos lenguas cooficiales en la Comunidad Autónoma, a elección de los interesados*. El derecho de todos a la educación, no cabe olvidarlo, se ejerce en el marco de un sistema educativo en el que los poderes públicos –esto es, el Estado a través de la legislación básica y las Comunidades Autónomas en el marco de sus competencias en esta materia –determinan los currículos de los distintos niveles, etapas, ciclos y grados de enseñanza, las enseñanzas mínimas y las concretas áreas o materias objeto de aprendizaje, organizando asimismo su desarrollo en los distintos Centros docentes; por lo que la educación constituye, en términos generales, una actividad reglada. *De este modo, el derecho a la educación que la Constitución garantiza no*

*conlleva que la actividad prestacional de los poderes públicos en esta materia pueda estar condicionada por la libre opción de los interesados de la lengua docente.”*

Apoíandose nesta xurisprudencia, as Sentenzas 1084/2007, do 21 de novembro, e 1098/2007 (confirmada polo Tribunal Supremo con data 21.10.2009) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia negan o dereito de elección dos pais da lingua na que se imparte a docencia, avalando o Decreto 124/2007, de 28 de xuño, de uso do galego no ensino.

## **2. A regulación dos horarios de ensinanza das e nas linguas oficiais ten que conseguir a plena competencia nas dúas linguas oficiais. Non é unha cuestión de horarios senon de resultados. O uso como lingua vehicular noutras materias potencia a plena competencia.**

O mandato de protección das linguas e a declaración de oficialidade que conteñen a Constitución e o Estatuto condiciona a regulación do sistema educativo establecendo como un obxectivo finalista a garantía da plena competencia lingüística nas dúas linguas oficiais. Dentro da distribución competencial existente as normas educativas estatais establecen este obxectivo (art.6 Lei Orgánica de Educación) e deixan un marxe de regulación mais amplo das competencias básicas na educación ás Comunidades Autónomas con lingua propia (o 45% do horario escolar, fronte ao 35% das CCAA sen lingua propia) para poder introducir de xeito transversal no sistema educativo ese obxectivo finalista de competencia lingüística nas linguas oficiais. As normas que regulen o ensino deberán respectar ese obxectivo xeral e común para todo o sistema educativo.

Unha regulación que da pé á fragmentación do sistema educativo en virtude de eleccións particulares non guiadas por ese obxectivo final, conculca a LOE, a LNL e entra en contradición coa reiterada xurisprudencia do Tribunal Constitucional.

Igualmente unha regulación na se deixa á libre elección dos estudantes a lingua vehicular do ensino nas outras materias (na aula, nos exames) pode ter como resultado a non consecución do obxectivo de aprendizaxe eficaz das dúas linguas ao quedar o uso oral e escrito reducido a unha única materia e desvirtua o maior marxe de regulación que a normativa estatal cede á normativa autonómica nas CCAA con lingua propia.

Art.14.3.LNL. “As autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que ó remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán”.

Art. 17. LOE. “Obxectivos da educación primaria. A educación primaria contribuirá a desenvolver nos e nenas as capacidades que lles permitan: e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua castelá e, se a houbese, a lingua cooficial da comunidade autónoma e desenvolver hábitos de lectura”. (En termos semellantes o art.23.h LOE para a ESO e o 33.e para o

Bacharelato)

*A STC 88/1983 estableceu que “una regulación de los horarios mínimos que no permita una enseñanza eficaz de ambas lenguas incumpliría el art.3 de la Constitución”. Tamén que “el Gobierno Vasco hace particular hincapié en el hecho de la cooficialidad del castellano y el euskera; en efecto, todos los habitantes de Euskadi tienen el derecho a conocer y usar ambas lenguas. Eso supone naturalmente que ambas lenguas han de ser enseñadas en los centros escolares con la intensidad que permita alcanzar ese objetivo. Y es de observar en ese mismo sentido que tal deber no deriva sólo del Estatuto sino de la misma Constitución” (STC 87/1983, de 27 de outubro, FX 5; reproducida en STC 88/1983, de 27 de outubro, FX 4).*

*A STC 337/1994 indica que: “A esta finalidad de garantía del suficiente conocimiento y uso correcto de ambas lenguas han de dirigirse las actuaciones de los poderes públicos competentes en materia de educación, como se ha hecho en el caso de la Ley 7/1983, del Parlamento de Cataluña, ya que les corresponde determinar el aprendizaje de una y otra lengua en los currículos de la Enseñanza Básica y, en lo que aquí especialmente importa, su empleo como vehículo de comunicación entre profesores y estudiantes, de forma que quede garantizado su efectivo conocimiento. Lo que está constitucionalmente justificado, además si se atiende a la íntima relación existente entre el conocimiento de la lengua como materia objeto de estudio, de un lado, y, de otro, su uso como lengua docente, ya que lo segundo, indudablemente potencia lo primero.”*

*“o deber que se deriva da Constitución e dos Estatutos de Autonomía neste ámbito é que os poderes públicos aseguren, ao termo dos estudos básicos, que os estudantes coñezan e poidan usar correctamente unha e outra lingua cooficial na Comunidade Autónoma”(STC 337/1994,de 23 de decembro, FX 12)*

### **3. O tratamento das linguas oficiais e de linguas extranxeiras non pode ser equiparado de xeito xeralizado e obrigatorio no ámbito educativo**

As *Bases para a elaboración do decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* elabóranse sobre o presuposto de que o uso das linguas no sistema educativo se organice de xeito obrigatorio sobre unha división en tercios nos que se equipara o tratamento das linguas oficiais cunha lingua estranxeira e se descoñecen os principios de ordenación que marca o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.

A introducción como lingua vehicular de impartición doutras materias dunha lingua estranxeira realízase en todo o Estado –e nomeadamente nas CCAA que non teñen unha lingua propia- sobre a base da voluntariedade de adhesión dos centros e familias a programas experimentais nos que se reforza o horario da materia de inglés e, no seu caso, se imparte en inglés algunha materia. En Galicia pretende introducirse de xeito obrigatorio e para o conxunto do sistema educativo o uso dunha lingua estranxeira como lingua vehicular de transmisión de contidos.

O uso das linguas oficiais como linguas de comunicación ten como finalidade asimesmo facer que os cidadáns coñezan as linguas oficiais colocándoos nunha posición de igualdade e liberdade para escoller ao ser estas as únicas nas que se poden producir comunicacións xurídicas con plena validez e eficacia no ámbito xurídico-público.

A decisión de assimilar unha lingua estranxeira ao tratamento das linguas oficiais supón *de facto* unha modificación sen atribución competencial das competencias básicas, obxectivos e criterios de avaliación establecidas pola normativa estatal<sup>2</sup>, e desenvolvidos pola normativa autonómica, para as materias que se imparten no sistema educativo introducindo un dobre aspecto a avaliar: a consecución dos obxectivos da materia e a consecución dos obxectivos da lingua estranxeira. As sentenzas do Tribunal Constitucional e do Tribunal Superior de Xustiza de Valencia, logo do intento de aplicar de xeito obrigatorio e xeral do ensino de Educación para a Cidadanía en inglés, sinalan tachas xurídicas claras, contradictorias co marco normativo vixente.

STC 337/1994 (FX11) *“En particular y desde la perspectiva del art. 27 CE, pero también desde la relativa al art. 14 CE, resulta esencial que la incorporación a la enseñanza en una lengua que no sea la habitual se produzca bajo el presupuesto de que los ciudadanos hayan llegado a dominarla, cuando menos en la medida suficiente para que su rendimiento educativo no resulte apreciablemente inferior al que hubieran alcanzado de haber recibido la enseñanza en su lengua habitual”*

Segundo dixo o TC ten que garantirse aos alumnos o dereito de: *“recibir la educación en una lengua en la que puedan comprender y asumir los contenidos de las enseñanzas que se imparten; ya que en otro caso podrían quedar desvirtuados los objetivos propios del sistema educativo y afectada la plenitud del derecho a la educación que la Constitución reconoce”* (STC 337/1994, FX 11)

Sentenza 1097/2009, do 24 xullo, da Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Valencia: *“(...) la evaluación de cualquier materia se llevará a cabo de acuerdo con los criterios de evaluación contemplados en la Legislación básica y en el currículo aprobado por la Comunitat Autònoma para esta materia. El currículo de educación para ciudadanía no recoge criterios de evaluación relacionados con la competencia en inglés. Por lo que resulta contrario tanto al RD 1631/06, de 29 de diciembre, como al Decreto 112/2007, de 20 de julio, del Consell, la doble evaluación de la asignatura de educación para la ciudadanía, una referida a*

---

<sup>2</sup>Real decreto 1513/2006, do 7 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas da educación primaria, Real Decreto 1631/2006, de 29 decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas da educación secundaria obligatoria, Real Decreto 1467/2007, polo que se establece a estrutura do bacharelato e se fixan as súas ensinanzas mínimas. Decreto 130/2007, polo que se establece o curriculum de primaria para Galicia, Decreto 133/2007, polo que se regulan as ensinanzas de ESO, Decreto 126/2008, de 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato.

*la materia contenida en el currículo y la otra vinculada a la adquisición de destrezas lingüísticas de un idioma no oficial (art. 3 de la CE y art. 6 de EA) pudiendo suceder que si el alumno no progresa en sus conocimientos en inglés no pueda superar la asignatura de ciudadanía, suponiendo esta doble evaluación una clara interferencia en el proceso racional de adquisición de los conocimientos insitos en la asignatura Principal – Educación para la ciudadanía.”*

#### **4. A Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias é unha norma do ordenamento interno cuxos mandatos teñen que ser respectados**

A ratificación da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias logo da votación das Cortes Xerais en 2001 e a posterior ratificación e publicación convértea en parte do ordenamento xurídico, con rango de lei, e ao mesmo tempo nunha norma que só pode ser modificada ou suspendida da forma prevista polo propio tratado (art.96 da Constitución Española) e por tanto invulnerable polas normas estatais ou autonómicas. O Reino de España comprometeuse ao ratificala a establecer no ámbito da educación ensino “nas” linguas propias en tódolos niveis educativos. O goberno galego debe ter en conta estes preceptos á hora de deseñar o modelo educativo en Galicia de acordo coas súas competencias e os compromisos internacionais adquiridos coa ratificación da Carta que, neste aspecto, amplía a regulación establecida na Lei de Normalización Lingüística debendo levar a configurar unha oferta de ensino en galego en tódolos niveis educativos. A posibilidade que abren as Bases de que no tramo de educación infantil se poida erradicar a presenza do galego das aulas se así o decide a votación nas aulas suporía unha violación rotunda da Carta.

*Art.8 Parágrafos y opciones ratificados por España en la Carta:*

*En materia de enseñanza y, por lo que se refiere a su territorio en que se hablan dichas lenguas y según sea la situación de cada una de ellas, sin perjuicio de la enseñanza de la(s) lengua(s) oficial(es) del Estado, las Partes se comprometen a:*

- a.i.) Prever una enseñanza preescolar garantizada en las lenguas regionales o minoritarias correspondientes*
- b.i.) Prever una enseñanza primaria garantizada en las lenguas regionales o minoritarias correspondientes*
- c.i.) Prever una enseñanza secundaria garantizada en las lenguas regionales o minoritarias correspondientes*
- d.i) Prever una enseñanza técnica y profesional garantizada en las lenguas regionales o minoritarias correspondientes*

**5. O Estatuto e a lexislación autonómica fixan cal é a lingua propia da Administración. A liberdade de opción lingüística dos cidadáns non se aplica aos educadores nin aos estudantes.**

O Estatuto e a Lei de Normalización Lingüística estableceron o galego como lingua propia de Galicia o que a convirte na lingua de uso xeral da Administración sen prexuízo dos dereitos que poidan ter os cidadáns coa Administración para utilizar a lingua oficial da súa preferencia nas relacións coa Administración educativa. Esta declaración non pode ser alterada por un simple decreto por un principio básico de xerarquía normativa.

A fixación de cal é a lingua propia dunha Administración, como fai a Lei 30/1992, co castelán para a Administración estatal, non supón ataque á oficialidade da outra lingua senon o establecemento dos usos lingüísticos polos que se vai rexer a Administración para a tramitación dos seus procedementos, redacción da documentación administrativa ou publicación das súas resolucións e que, en todo caso, reconece o dereito dos cidadáns a facer as súas escollas persoais de uso das linguas oficiais e á atención administrativa nesa lingua. A indefinición en canto á lingua da Administración educativa –sustituída por un simple mandato de fomento de uso do galego- contradí o Estatuto e a LNL, abre as portas á inseguridade xurídica e chega mesmo ao esperpento xurídico de que as programacións oficiais das materias (documentos administrativos oficiais) poidan redactarse en linguas estranxeiras.

A obriga dos poderes públicos galegos de usar e promover a lingua propia con carácter xeral exténdese aos empregados públicos e aos estudantes por estar nunha relación de suxeición especial coa Administración que lles impón uns deberes propios da súa misión de servizo público aos empregados públicos e como consecuencia da necesidade de acreditar competencias lingüísticas para superar a escolarización obrigatoria no caso dos estudantes. As *Bases para a elaboración do decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia* faculta aos docentes a impoñer as súas preferencias individuais sobre as programacións educativas oficiais e permite que os estudantes non usen equilibradamente as linguas oficiais nas materias non lingüísticas (uso oral e escrito na aula e exames) poñendo en perigo a obtención das competencias esixidas na educación obrigatoria de forma claramente contraditoria coa xurisprudencia existente.

STC 337/1994 (FX.10): *“De otro, al ser el catalán materia curricular y lengua de comunicación en la enseñanza, ello asegura que su cooficialidad se traduzca en una realidad social efectiva; lo que permitirá corregir situaciones de desequilibrio heredadas históricamente y excluir que dicha lengua ocupe una posición marginal o secundaria”.*

STS de 16 de decembro de 1985. *“la propia función a la que se dedican los recurrentes, la de enseñar, obliga a una sujeción mayor en materia de conocimientos lingüísticos que la que se deriva para otros funcionarios que también desempeñen su función en las Administraciones actuantes en esta Comunidad bilingüe (...)en materia de enseñanza, al concurrir no sólo el*

*derecho de los funcionarios educadores sino también el de los niños aprendices con el de los padres y de la sociedad y con la acción del Estado, procede, realizando una interpretación sistemática de los preceptos constitucionales y estatutarios, llegar a la conclusión de la necesidad de que los profesores dedicados a la enseñanza básica conozcan las dos lenguas propias de la Comunidad Autónoma de Cataluña, dado el sistema elegido por sus poderes públicos de garantizar la enseñanza de las lenguas catalana y castellana, y en las lenguas catalana y castellana, lo cual supone que al menos en los escalones iniciales de la enseñanza todos los educadores deben asegurar la enseñanza de las dos lenguas y las demás materias en las dos lenguas lo que provoca el que los enseñantes queden obligados al conocimiento de ambas”.*

*Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, 169/2001, de 14 de febreiro: “Si es lícita y constitucionalmente admisible la imposición del conocimiento de la lengua autonómica al empleado público que se integra en la Administración autonómica, porque forma parte de los exigidos mérito y capacidad, lógicamente no puede el funcionario esgrimir indefensión ni derechos propios de aquellos a quienes no es exigible como deber estatutario aquel conocimiento. Dentro de la aptitud requerida para el ejercicio del cargo o función se halla ese conocimiento, por lo que el deber consiguiente le vincula. Por tanto, al margen de que en el caso concreto del reclamante no se haya exigido el conocimiento del idioma gallego cuando se integró en el Sergas, lo cierto es que, del mismo modo que es exigible la utilización del gallego en sus relaciones con los ciudadanos que opten por su uso, no puede oponerse a que la comunicación de la Administración se realice en dicho idioma cooficial respecto a asunto directamente vinculado a la relación estatutaria.*

*En definitiva, así como respecto a los ciudadanos en general (relaciones de sujeción general) son éstos quienes eligen la lengua cooficial a utilizar y en la que han de tramitarse los procedimientos, no sucede lo mismo en la relación de sujeción especial que vincula a la Administración con sus funcionarios, pues en ésta no se aplican aquellos preceptos de la Ley 30/1992 y cabe exigir el uso de la lengua cooficial autonómica, máxime si, como en el caso de autos, se trata de una solicitud de complemento retributivo en la que la Administración contesta en la lengua autonómica. La obligación de potenciación del uso del gallego que se recoge en el artículo 5 del Estatuto de Autonomía y del carácter oficial que ostenta en las Instituciones y Administración de la Comunidad Autónoma, mencionada en los artículos 4.1 y 6.3 de la Ley de 15 de junio de 1983, de normalización lingüística de Galicia, se verían notoriamente dificultados si prevaleciese el interés personal de un funcionario que pudiera imponer el uso del castellano en todas las comunicaciones internas oficiales y en la respuesta a sus solicitudes estatutarias. Una vez integrado en la estructura organizativa de la Administración autonómica, el empleado público ha de someterse a las normas que sean acordes a la ley y a la Constitución, como sucede en este caso”.*

#### **XURISTAS QUE ASINAN O DOCUMENTO**

**Xoán Alfaya Ocampo**, Maxistrado da Audiencia de Pontevedra; **Pilar Allegue Agnete**, Profesora Titular de Filosofía do Dereito da Universidade de Vigo; **Alfonso Álvarez Gándara**, Avogado, Decano do Ilustre Colexio de Avogados (ICA) de Vigo; **Carlos Amoedo Souto**, Catedrático E.U. de Dereito Administrativo da Universidade da Coruña; **José**

**Juan Barreiro Prado**, Maxistrado Presidente da Sección 2ª da Audiencia Provincial de Pontevedra; **Xosé Antón Barreiro Pereira**, Avogado do ICA de Santiago; **Nemésio Barxa Álvarez**, Avogado do ICA de Ourense; **Carlos Bello Stout**, Avogado do ICA de Lugo; **José Ángel Brandariz García**, Profesor Titular de Dereito Penal da Universidade da Coruña; **Anxos Cancela Regueiro**, Avogada do ICA de Santiago; **Marta Carballo Fidalgo**, Profesora Contratada Doutora de Dereito Civil da Universidade de Santiago de Compostela; **Laura Carballo Piñeiro**, Profesora Contratada Doutora de Dereito Internacional Privado da Universidade de Santiago de Compostela; **Xosé Manuel Carril Vázquez**, Profesor Titular de Dereito do Traballo da Universidade da Coruña, Secretario Xeral da Universidade; **Manuel Comendador Rey**, avogado do ICA de Santiago; **María Costas Otero**, Avogada do ICA de Vigo; **Andrés Dapena Paz**, letrado da Asesoría Xurídica da Universidade de Vigo; **Belén Domínguez Antelo**, Avogada do ICA da Coruña; **Dalila Dopazo Blanco**, Maxistrada do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de Caldas de Reis; **María Angeles Fernández Ribeiro**, Secretaria do Xulgado de Instrución nº 3 de Lugo; **Miguel Anxo Fernández Rodríguez**, avogado do ICA de Santiago; **Xosé Manuel Fernández Varela**, Secretario do ICA de Lugo; **Antonio Xavier Ferreira Fernández**, Profesor Titular de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago de Compostela; **Xulio Ferreiro Baamonde**, Profesor Contratado Doutor de Dereito Procesual da Universidade da Coruña; **José Ramón Freijeiro Otero**, Avogado do ICA de Santiago; **Paz Filgueira Paz**, maxistrada do Xulgado do Social nº 1 de Santiago; **José Antonio Gómez Segade**, Catedrático de Dereito Mercantil da Universidade de Santiago de Compostela; **Xosé Ramón González Losada**, Avogado do ICA de Ourense; **Pablo González Mariñas**, Profesor Titular de Dereito Administrativo da Universidade da Coruña; **Marisa González Seoane**, Avogada; **Miguel González Trigás**, Avogado do ICA de Ourense; **Gumersindo Guinarte Cabada**, Profesor Titular de Dereito Penal da Universidade de Santiago de Compostela; **Héctor López de Castro Ruíz**, Avogado do ICA de Santiago; **Alejandro López González**, Avogado do ICA de Santiago; **Xosé Antón López Graña**, Avogado, Decano do ICA de Lugo; **Alejandro Martín López**, Avogado do ICA de Santiago; **Rosa María Martínez Ferreiro**, Avogada do ICA de Santiago; **Ana Monteagudo Romero**, Avogada do ICA da Coruña; **María Monteagudo Romero**, Avogada do ICA da Coruña, **Xaquín Monteagudo Romero**, Secretario de Concello, Avogado, Presidente da Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística; **Benito Montero Prego**, Fiscal da Audiencia Provincial de Pontevedra; **Alba Nogueira López**, Profesora Titular de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago de Compostela; **Rodrigo Osorio Guerrero**, Secretario do Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción de Vilagarcía de Arousa; **David Pena Díaz**, Avogado do ICA da Coruña; **Pedro Manuel Pedreira Candán**, Avogado do ICA da Coruña; **Fernando Peña López**, Profesor Titular de Dereito Civil da Universidade da Coruña; **Xoán Antón Pérez-Lema**, Avogado do ICA da Coruña; **Sandra Piñeiro Vilas**, Xuíza do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 de Marín; **Santiago Roura Gómez**, Profesor Titular de Dereito Constitucional da Universidade da Coruña; **Francisco J. Sanjiao Otero**, Profesor Titular de Economía Política na Facultade de Dereito da USC; **Anxo Tato Plaza**, Catedrático de Dereito Mercantil da Universidade de Vigo; **Pedro Trepas Silva**, Avogado do ICA de Santiago; **Inma Valeije Álvarez**, Profesora Titular de Dereito Penal da Universidade de Vigo; **Pablo Varela Castejón**, Fiscal da Audiencia Provincial de Pontevedra; **Xermán Varela Castejón**, Maxistrado do Xulgado de Instrucción 3 de Pontevedra; **Lidia Vázquez Méndez**, Avogada; **Milagros Verde Crespo**, Avogada do ICA de Santiago; **Javier de Vicente Remesal**, Catedrático de Dereito Penal da Universidade de Vigo; **Antón Vidal Andión**, xefe da Asesoría Xurídica da Universidade de Vigo; **Rosa Vila Amarelle**, Avogada do ICA de Santiago; **Luis Villares Naveira**, Xuíz do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción Único de Fonsagrada.